

## Manuel María, versos de xuventude

PILAR PALLARÉS

### I

No verán de 2004 chegou ás nosas mans *Elexías á miña vida pequeniña*, ofrecido polo propio Manuel María. Intuíamos que sería o seu derradeiro galano. Poucos meses despois, unha das organizadoras deste Congreso, María Pilar García Negro, propúxonos a redacción dunha ponencia sobre os primeiros poemarios do autor, de xinea basicamente existencialista. O interese polas pegadas do existencialismo na literatura galega e polos ecos que na posguerra deixou a vangarda, e a lectura do segundo libro escrito por Manuel María, o derradeiro en ser publicado e tamén en ser coñecido por nós, fixo que aceptásemos de inmediato o convite.

O obxecto do presente estudo será a produción poética que para moitos críticos conforma unha primeira etapa no labor do noso autor. Isto é: *Muiñeiro de brétemas* (1950), *Elexías á miña vida pequeniña* (escrito en 1950 e publicado en 2004), *Morrendo a cada intre* (escrito en 1951 e publicado en 1952), *Advento* (escrito en 1951 e publicado no 1954) e *Libro de Pregos* (escrito en 1951 e publicado finalmente no 1962). Cinco obras dun tempo curtísimo canto ao proceso creativo (1950 – 1951), aínda que se alongue, por causas externas, até o 1962 para a publicación.

Trátase dunha etapa pouco coñecida pola maior parte dos lectores e até con tendencia a ser esquecida pola crítica. O libro máis analisado é, con diferenza, *Muiñeiro de brétemas*, aínda que tamén se ten estudado a dimensión relixiosa en *Advento* e, sobre todo, no *Libro de Pregos*.

Para Manuel López Foxo, esta primeira etapa – das catro que el distingue na obra poética de Manuel María – é “*de desasosego, de inquedaanza, de interrogacións vitais, de angustia, de horror, todo iso dentro dun ambiente de reflexión existencial. É a poesía da Escola da Tebra, que se inicia precisamente con Manuel María, con Muiñeiro de brétemas, Morrendo a cada intre e Advento e que continúa logo con Fabulario novo de Manuel Cuña Novás e con outros libros do propio Manuel María e doutros autores. Muiñeiro de brétemas e Fabulario novo son as dúas grandes obras da Escola da Tebra*”.<sup>1</sup>

En palabras de Victorino Pérez Prieto, “*estes libros iniciais sitúanse na liña da “poesía existencial”, corrente que tivo unha grande importancia na lírica galega moderna, polos anos 50–60–70. Esta corrente cómpre poñela en relación coas tertulias e ensaios significativos de Ramón Piñeiro (o seu “Significado metafísico da saudade” aparece en 1951), Rof Carballo, García-Sabell e Fernández de la Vega, publicados en Galaxia. Especialmente, cómpre salientar o volume colectivo La saudade (1953), que desenvolve a tese do sentimento “existencialista e saudoso” (totalmente interdependente, a dicir de Ramón Piñeiro), que se remonta a Rosalía en Galiza e ao Saudosismo en Portugal. É “a poesía da angustia que xurde apoiada na eclosión do eu existencial, cunha estética do desespero e a voz crebada nunha gramática de escuridades expresivas*”, en cita tirada por Pérez Prieto de Basilio Losada.<sup>2</sup>

## II

*Muiñeiro de brétemas* é o “*primeiro libro publicado en galego e en Galicia por un mozo despois da Guerra Civil*”, segundo o propio Manuel María na nota introdutoria á segunda edición, a de 1988, posíbel grazas ás asociacións culturais do país, en especial as coruñesas “Alexandre Bóveda” e “O Facho”, “Francisco Lanza” de Ribadeo e “Castelao” de Monforte.

O volume publicado no 1950 facía o número 10 da pontevedresa “Colección Benito Soto”, que editou nos 50 obras de autores tan emparentados – sexa por posición estética, sexa por posición amical – con Manuel María como Carvalho Calero (*Anjo de terra*, 1950), Pimentel (*Triscos*, 1950) ou Cunqueiro (*Dona do corpo delgado*, 1950).

No libro de conversas con Xosé M<sup>a</sup> del Caño, Manuel María afirma que a publicación do seu primeiro libro foi posíbel grazas a Aquilino Iglesia Alvariño, e

<sup>1</sup> Cf. López Foxo, Manuel: “Aproximación á súa obra poética”, in *Manuel María*, Lugo, Asociación Cultural “Xermolos” e Ophiusa, 2000, páx. 373.

<sup>2</sup> Cf. Pérez Prieto, Victorino: “Poeta relixioso cristián” in *Manuel María*, Lugo, Asociación Cultural “Xermolos” e Ophiusa, 2000, páx. 394.

tamén salienta a súa satisfacción: “*a honra e a responsabilidade de cumprir un papel histórico: servir de vencello entre a literatura de anteguerra e a de posguerra*”.<sup>3</sup>

Da primeira reconece saber naquela época de xuventude, cando era un rapaz de dezanove ou vinte anos, ben pouco. Foron fundamentais para el as escolmas de poesía galega de Álvaro María de las Casas e de Carré Aldao, que leu na Escola Primaria de Rábade na dureza da posguerra. Alí preparaba o exame de ingreso no Bacharelato. Foi precisamente nesa altura (cara a 1941-1942) cando lembra ter escrito os primeiros versos.

Das escolmas de poesía galega devanditas deixaron especial pegada nel os poemas de Manuel Antonio e Amado Carballo. Algo máis adiante, xa no Instituto de Lugo, coñece a Xeración do 27 a través do profesor de literatura. Fala do deslumbramento provocado por Alberti, polo Lorca do *Romancero gitano*, por Dámaso Alonso e por Gerardo Diego. Le tamén as revistas *Mensajes de Poesía* (Vigo) e *Espadaña* (León). Afírmase devoto de Rubén.

Pimentel, a través de quen Manuel María coñeceu o seu para sempre admirado e amadísimo Francis Jammes – no 1994 prologou a tradución ao galego das *Catorce oracións*, realizada por Xulia Rodríguez Guntiñas para a colección “Illa verde” da editorial Espiral Maior - foi o primeiro poeta con quen tivo contacto. E nesta primeira fase da poesía de Manuel María a súa influencia é ben perceptíbel, sobre todo en *Advento*.

Xa no servizo militar, coincide con Novoneyra e con el realiza lecturas frecuentes de *Do ermo*, de Noriega Varela. “*Eu considero que destas lecturas saíron Os eidos e Terra Cha*”, confesa Manuel María a Del Caño<sup>4</sup>.

Camus, Sartre e os existencialistas coñeceunos nas tertulias luguesas do “Méndez Núñez”, a través do profesor de Francés do Instituto. Eran contertulios Pimentel, Fernández de la Vega, Anxel Xohan – que escribe o limiar de *Muiñeiro de brétemas-*, Carvalho Calero, Fole, Aquilino ...

Engadamos, para debuxar o panorama da formación literaria do Manuel María mozo, a asistencia aos “Parladoiros” na casa compostelá de García Sabell. Alí bebe do Existencialismo e das literaturas francesa e alemá en xeral. E aínda cómpre salientar a convivencia co seu tío cura, home de ampla cultura. En conversa con Victorino Pérez Prieto, afirma Manuel María que o seu tío “*estaba particularmente preocupado polo existencialismo e coñecía moi ben a Heidegger*”, que tanta influencia exerceu nos intelectuais de Galaxia.<sup>5</sup>

O tío foi tamén importantísimo á hora de desenvolver o gosto de Manuel María pola literatura relixiosa. Foi grande lector de teoloxía, de San Juan de la Cruz e da Biblia – os “Salmos”, esenciais para entender o *Libro de Pregos*, o “Cantar dos

<sup>3</sup> Cf. Del Caño, Xosé Manuel: *Conversas con Manuel María*, Vigo, Xerais, 1990, páx. 9.

<sup>4</sup> *Ibidem*, páx. 34.

<sup>5</sup> Cf. Pérez Prieto, op. cit., páx. 391.

Cantares”, o “Libro dos Proverbios”, Isaías e Xeremías ... Engadamos as lecturas de Rosalía e Rilke, os poetas do norte de Lugo – Crecente, o xa mencionado Noriega Varela, Aquilino -, Díaz Castro, Jammes, sempre Jammes.

O xoven poeta Manuel María é tamén precoz como impulsor de revistas e editoras. En 1949 funda con Manuel Antonio Sopena a revista *Xistral* (Lugo). O nome suxeriu Pimentel. Chegan a saír á luz dous números. É en *Xistral* onde Manuel María publica os seus primeiros poemas. Máis adiante, en 1952, “Xistral” será tamén o nome da colección de poesía que dirixe con Ánxel Xohan.

O primeiro libro publicado por Manuel María, *Muiñeiro de brétemas*, é tamén – como xa dixemos antes – o máis estudado desta primeira etapa creativa. Poetas como Xavier Rodríguez Baixeras e Xulio López Valcárcel téñeno analizado lucidamente. O primeiro salienta, para alén da importancia de ser o primeiro libro poético de autor mozo após a Guerra Civil, “o seu carácter de libro integrador de case tódalas estéticas anteriores, capaz de situar a poesía galega a un nivel certamente inusitado nun contorno tan hostil e en época tan temperá”. Confróntao con *Cómaros verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño (1946), e salienta: “*Muiñeiro de brétemas* aposta por unha innovación moito máis extrema e cabal”. E lembra que Méndez Ferrín o considera “libro fundacional do movemento que el chama “*Escola da Tebra*”, adaptación do surrealismo e, máis tarde, do existencialismo, capaz de transcender o “*imaxinismo*”, que tanto durou na nosa poesía”<sup>6</sup>.

Para alén do sincretismo do libro e da súa “*diversificación estilística*”,<sup>7</sup> Baixeras subliña a sabedoría de Manuel María para entramar elementos diversos: intersección realismo-idealismo, símbolos, números máxicos, imaxes visionarias, escuridade na atribución, etc. E destaca aínda o carácter metapoético, ao igual que Xulio López Valcárcel.<sup>8</sup>

Que *Muiñeiro de brétemas* é fundamental parece recoñecelo o propio Manuel María cando en 1977 se fai “o propósito de non escribir máis versos” e decide pór o ramo ao seu labor como poeta dando á luz *Brétemas do muiñeiro*. Di no limiar á edición desta obra, longo tempo demorada por impedimentos ideolóxicos de certa editorial:

“*E se o noso primeiro poemario se titula Muiñeiro de brétemas era xusto que o derradeiro se chamase, para pechar o círculo, Brétemas do muiñeiro*”.<sup>9</sup>

Non se pechou o círculo ao proceso creativo, mais si canto ao editor. O de 2000 – Colección “Hipopampo amigo” – ha ser Sabino Torres Ferrer, o mesmo de *Muiñeiro de brétemas*.

<sup>6</sup> Cf. Rodríguez Baixeras, Xavier: “*Muiñeiro de brétemas*, crisol dun precursor”, in *Manuel María*, Lugo, Asociación Cultural “Xermolos” e Ophiusa, 2000, páx. 413.

<sup>7</sup> *Ibidem*, páx. 413.

<sup>8</sup> Vide López Valcárcel, Xulio: “A fidelidade ao traballo poético (*Muiñeiro de brétemas* cincuenta anos despois)”, in *Manuel María*, Lugo, Asociación Cultural “Xermolos” e Ophiusa, 2000, p. p. 447-455.

<sup>9</sup> Cf. Manuel María: *Brétemas do muiñeiro*, Pontevedra, Colección “Hipopampo amigo”, 2000.

Libro fulcral no contexto da poesía galega e no da obra de Manuel María, recompílemos, por moi diversos motivos: por abrir o camiño á poesía de autores mozos na nosa posguerra, por ser un elo entre a poesía anterior ao 36 e a posterior, por ser obra iniciadora da denominada “Escola da Tebra”, pola reflexión metapoética (a autoconciencia poética, un dos aspectos máis salientábeis nos cinco libros da primeira etapa), polo seu carácter unitario, raro nun poeta novato, pola intuición das que serán algunhas das liñas fundamentais no labor poético do autor. Por ser testemuño dun tempo e da maneira en que moitos poetas se enfrontaron a el, cunha poesía na que conviven ecos da vangarda hilozoísta-creacionista e da surreal, reflexión existencial en clave simbolista e debedora da nova corrente existencialista, lampos do que moi axiña será revolta social, poesía do compromiso. Falamos de *Triscos* e de *Sombra do aire na herba* de Pimentel, de Díaz Castro, do Carvalho Calero de *Anjo de terra*, *Poemas pendurados dun cabelo* e *Saltério de Fingoi*, de d’*O sonho sulagado* de Celso Emilio, de *Fabulario novo*, de *Do sulco* (Xohana Torres), *Poema do home que quixo vivir* (Bernardino Graña), *Acoitelado na espera* (Cribeiro), de Antón Tovar, da primeira Luz Pozo, de Pura Vázquez, Tomás Barros e tantos outros.

Mais enfrontémonos, sequer sexa por un breve tempo, en rápida ollada, a *Muiñeiro de brétemas*. Xulio Valcárcel relaciona moi intelixentemente o sintagma “Muiñeiro de brétemas” co “Perito en lunas” de Miguel Hernández – “ou sexa, un oficio práctico empregado nun afán irreal ou imposible”.<sup>10</sup>

Ese afán irreal está expresado por medio dunha metáfora complexa – “muiñar brétemas” -, que o autor desenvolve ao longo de toda a obra, co cal consegue proporcionarlle a esta un carácter unitario que Manuel María toma seguramente das vangardas – lembremos sen ir máis lonxe *De catro a catro*, *Poema en catro tempos* ou *Poemas do si e non*, entre nós, ou *A terra erma*, de T. S. Eliot -. “Muiñar brétemas” é remoer – tamén Valcárcel salienta a imaxe da rotación. Que é o que se remoe? Cais son as “brétemas” do muiñeiro?”

- En primeiro lugar, as dúbidas e interrogantes existenciais. Natureza e muller – a muller en abstracto, antes do advenimento do verdadeiro amor por unha muller carnal e concreta – son as luces que iluminan a navegación. A imaxe da navegación existencial e amorosa é de xinea claramente vangardista – está en Manuel Antonio, en Bouza-Brei, en Carvalho Calero... e leva a atribuír ao muiño un mastro que o converte en obxecto case surreal. Léanse, por exemplo, “Oración perto do meu muiño” ou as “Tríadas dun mariñeiro”
- A vivencia relixiosa, sendo o muiñar a metáfora do orar/pregar. Movemento rotatorio e fluír de auga cara ao muiño que son tamén o fluxo de palabras que fai a oración-poema.
- As dúbidas poéticas, nun duplo sentido:

<sup>10</sup> Cf. López Valcárcel, Xulio, op. cit., páx. 450.

a- No da oscilación entre modelos poéticos diversos e aínda contrapostos: vangarda racional e vangarda surreal, ecos simbolistas, existencialismo.

Da vangarda racional - imaxinista e creacionista, lembremos a descuberta e a influencia tan temperás de Amado Carballo e Manuel Antonio – procede o rico tecido de imaxes do libro, moitas construídas con elementos dos mundos cosmolóxico e mariño, que Manuel María mistura cun entorno rural, o do muíño:

“E a vaca teixa nas cornas  
levaba presas estrelas  
das que se apropiou de noite  
ao beber auga na fonte.  
As nubes brancas bicaban  
o lombo escuro das xestas  
e as breixas, cos seus coitelos,  
ían cortando folerpas”  
 (“Natureza sensíbel”)

Tamén teñen esa orixe o tratamento lúdico – perceptíbel na cita anterior- da Natureza, a tendencia a concretar abstraccións – o muíño é a imaxe de moitas delas-, certa fragmentación temporal, a diversificación do suxeito e sobre todo do Ti ao que decote se dirixe a voz poética, o tratamento da muller, bastante tópico e presente en grande parte do libro: “Poema do extravío”, “Cara a ti”, “Tríadas do mariñeiro”, “Horizontes”, “Alba descoñecida”, “Esparcemento”, “Bágoas”. Mencionemos tamén o neopopulismo, que é aínda o da nosa vangarda, mais preludia a integración do popular efectuada a partir de *Terra Cha*.

Mais, ao tempo, as imaxes de xinea hилоzoísta-creacionista convértense ás veces en visionarias, e o constante rotar-remoer-fluír de palabras aproxímanos á confluencia nun mesmo plano de elementos descontextualizados e moi heteroxéneos, sen calquer conexión lóxica, propia do surrealismo. Da man do surrealismo chegamos de novo á Natureza e á muller e a unha tendencia ao que denominaríamos re-sacralización, coa inclusión explícita da dimensión relixiosa. Con esta re-sacralización conflúe o existencialismo, aínda que poida resultar esta unha afirmación paradóxica. En *Muiñeiro de brétemas* alvíscanse xa as “agonías” relixiosas de Manuel María e o seu existencialismo é sempre cristián, se tivermos en conta a distinción sartreana entre existencialismo ateo e existencialismo cristián.

b- No das interrogantes e intuicións en torno ás que rota o poeta-muiñeiro. Iso é facer poesía: preguntar, hesitar, procurar un camiño, xirar obsesivamente ao redor dunha idea fulcral. Ou non será o xirar o que nos obsede? Remoendo, o poema faise. E *Muiñeiro de brétemas* acaba por ser, tanto como un libro onde con materiais de vangarda se constrúe unha reflexión existencial e xa quase-existencialista, unha reflexión sobre a propia poesía, un exercicio de autoconciencia poética.

## III

A distancia que media entre a creación de *Brétemas do mariñeiro* (1977) e a súa publicación (2000) é aínda máis abismal no que respecta á segunda obra poética de Manuel María, *Elexías á miña pequeniña* :

“As Elexías á miña pequeniña están escritas cando servidor andaba entre os dezasete e os vinte anos de idade, no 1950 (...) Fixemos algunhas copias a máquina e unha delas enviámoslla a Álvaro Cunqueiro, a quen coñeceramos e comezamos a tratar no ano 1949 (...) Alvaro Cunqueiro respondeunos agarimosamente, agradecendo a nosa dedicatoria e facendo un comentario, que non lembramos, dos nosos versos.

*Pasaron os anos e non nos volvemos a lembrar daqueles nosos poemas de cando inaugurabamos xuventude. Non sabemos se os extraviamos, se os rachamos ou se os condenamos ao lume.*

*Ao irmos entrando na senectude lembrámonos con certa teimosía das nosas vellas composicións poéticas que magnificamos co paso do tempo. Preguntámoslles por elas a amigos e compañeiros daquela época e ningún soubo darnos razón. Un día recibimos un sobre que, para sorpresa nosa, contiña unha fotocopia de Elexías á miña pequeniña. Emocionámonos ao lelas de novo”.*<sup>11</sup>

E así chegan as *Elexías á miña pequeniña* desde 1950 até 2004, ano en que o “Instituto de Estudos Chairegos” as dá á luz pública en colaboración coa Asociación Cultural “Xermolos” e coa “Fundación Manuel María da Terra Cha”.

Segundo Manuel María, as *Elexías á miña pequeniña* “son un chanzo entre o Muiñeiro de brétemas e o Morrendo a cada intre”.<sup>12</sup> E, en efecto, o primeiro que chama a atención é o cambio de ton a respecto do libro anterior e o anuncio do que imos atopar en *Morrendo a cada intre*: o suxeito non é o Eu abstracto da vangarda con preocupacións que son existencialistas, senón un Eu confisional que loita por se exprimir en revolta contra o mundo e, sobre todo, en revolta contra os modelos poéticos herdados. O ton é directo e a linguaxe espida, rota e prosaica, preluando a de tantos libros de compromiso de Manuel María dos 60 – 70.

*Elexías á miña pequeniña* é ante todo, ao noso parecer, un exercicio de autoconciencia cun suxeito que se define, arma e analiza, e dous obxectos de reflexión: o propio Eu e a posición poética asumida.

Canto ao suxeito, *Elexías á miña pequeniña* é produto dun exercicio complexo que leva do suxeito abstracto da vangarda a un Eu confisional, nun primeiro movemento, e de aquí a un proceso de distanciamento irónico – de autoironía – nun segundo movemento ou volta á torniqueta:

<sup>11</sup> Cf. Manuel María: *Elexías á miña vida pequeniña*, Vilalba (Lugo), “Instituto de Estudos Chairegos”, 2004, páx. 7.

<sup>12</sup> *Ibidem*, p.p. 4-8.

*“Ríome de min mesmo cada vez que estou desesperado  
e aborrecido”*  
(Elexía nº 5)

*“Luz violeta,  
cor folla de lata.  
Manuel María  
Semella un pouco imbécil”*  
(Elexía nº 10)

O suxeito convértese en obxecto que se analiza e case disecciona. O que acha é o sentimento de extravío, indecisión, ferocidade autocrítica, autoodio, cinismo, soidade, desespero. E fastío, moito fastío. Desde esa definición do Eu, o amor, os bons sentimentos, a doce poesía, a noiva, só poden ser enxergados con humor sarcástico. E lembramos por veces as noivas cursis en xardíns arrasados pola ironía manuelantoniana.

Canto á posición poética, atrás fican xogos metafóricos, símbolos e palabras suxerentes. O suxeito quere agora facer “versos con palabras descompostas e vulgares” (Elexía nº 1), mófase da poesía transcendente – “Os piollos tamén teñen angurias” (Elexía nº 4) - , renega de anxos e estrelas, afirma non acreditar “en metáforas antergas” (Elexía nº 7) e proclama a sinceridade dos seus poemas, aínda que a autoironía o leve simultaneamente a degradalos:

“ O meu lirismo non é falso:  
é algo vivo e sentido dende o berce  
cando eu aínda era un fervelliño  
(...)  
Estes versos meus  
Son un fato de baballocaladas”  
(Elexía nº 2 )

Con todo, *Elexías á miña vida pequeniña* é moito máis que un exercicio de autoconciencia existencial e poética. Por que “Elexías”?

A clave está, pensamos, no último poema. Nel xa non fala un Eu, senón un El que é un Eu que se distancia de si mesmo e, tamén, a representación do poeta morto. Non se fala de morte física do individuo, senón da morte metafórica dunha posición poético-existencial e dun tempo. O inxenuísmo propositado dalgúns versos lembra o creacionismo de *Altazor* (Huidobro) e o da fusión creacionismo-surrealismo dos *Poemas do si e non* de Cunqueiro. O primeiro poema deste libro e todo *Altazor* son o anuncio dun mundo auroral, do home novo. Como o poeta que na elexía final da obra de Manuel María naceu de “ollos abertos como un recién nacido”, con luz rosa nas pálpebras e sen lúas na fronte, mais cunha “sombra azul / no medio dos seus ollos



malferidos”. Mais agora está morto, e con el toda unha cosmovisión, e a voz poética conclúe:

“Estas liñas escritas sobre o poeta morto non sei se son poema tenro ou elexía”

#### IV

En *Morrendo a cada intre* a posición vital e estética é practicamente a mesma. O libro foi escrito no 1951 e publicado no 1952, e é froito das torturas da primeira xuventude e da crise universitaria padecida polo autor. Por mor do Día das Letras é unha institución académica, o Instituto Lucus Augusti, a que publica, en 1991, a segunda edición do poemario.

Como en *Elexías á miña vida pequeniña*, sobrancean os textos metapoéticos: “Poema en carne viva”, “Carta”, “Poema do anxeio morto”, “A miña doce tristeza inagardada”, “Intima agonía”. Neste último poema o suxeito afirma non saber “se será decente / falar destas cousas nun poema”. As “cousas” son a rebeldía e a repulsa fronte ao mundo no que caíu o poeta expulsado daquel paraíso alviscado nos anos aurorais –o que ás veces aparece en *Muiñeiro de brétemas*. Mundo que é Purgatorio no que só caben a convención, o utilitario, a hipocrisía, a mentira, a parvice burguesa:

“Este consumirse  
nunha cidade tranquila  
onde os veciños teñen polo menos  
23 séculos cheos de vacíos  
e de lembranzas pequeniñas”

E é, sobre todo, o mundo da retórica oca, do ensino alienante, dos pobres catedráticos castrados e castrantes:

“Son un tolo e absurdo estudante de Filosofía  
que aprende nomes mortos  
nunha lista de lotería non premiada”

ou tamén:

“Aspiro a ser un honorábel profesor  
de cousas silandeiras  
que pasaron hai máis de 2000 séculos”  
(“Poema da miña paisaxe absorta”)

## V

Persoalmente consideramos que o libro máis interesante de toda esta primeira etapa na obra de Manuel María é *Advento*. Termina de escribilo no outono de 1951. Envíao antes de decembro ao “Premio Castelao de Poesía 1952”, do Centro Galego de Bos Aires. É premiado, mais non se ha publicar até 1954, na capital arxentina. É tamén este o ano da primeira edición de *Terra Cha* en Lugo. En agosto de 1955 a BBC dedícalle un programa íntegro.

Nun sentido amplo Advento significa, como é sabido, “advenimento”, “chegada”. Nun sentido relixioso cristián, fai referencia ás catro semanas anteriores ao nacemento de Cristo e á celebración do Nadal. Título que nos fai esperar, pois, un libro esperanzado e luminoso. O que atopamos é agonía no sentido unamuniano, un combate constante entre luz e sombra. A luz predomina no primeiro dos tres apartados do libro, aínda que conclúa esa primeira parte cun poema, “Oferecemento”, que anuncia o ton escuro da segunda. E esta finda con outro texto, “O derradeiro día” cuns últimos versos propositadamente ambíguos, que nos deixan sen saber se triunfará o Advento ou se se cumprirá o Apocalipse na terceira parte:

“Un anxo branco cunha espada de luz resplandecente  
converterá, xa para sempre,  
o noso espírito en verme ou volvoreta”

*Advento* é, como xa se ten afirmado, o libro máis claramente existencialista de Manuel María. Non falamos de libro existencial, senón de libro existencialista en clave sartreana. Ábrese cun magnífico poema, “Presencia” e co deslumbramento do poeta perante a plenitude de ser das cousas – o “être-en-soi” sartreano – e o enigma que as fai inaprensíbeis para o ser humano, sumido na conciencia de perda, no caos, na continxencia. Captar ese misterio é o empeño do suxeito lírico:

“Quero darlle á miña voz perdida un sinxelo tremor de folla  
para dicir simplemente,  
sen xeadas retóricas literarias,  
a emoción que garda na súa alma cada cousa”

Aínda coa intuición de ser esta empresa imposible, o poeta teima en crer nos seus poderes de poeta-vidente, de lector dos paraísos e dos infernos que aniñan no corazón dos seres. A poesía faise así revelación, anuncio, preparación de Advento. O suxeito lírico indaga no enigma en poemas como “Chama”, “Paisaxe”, “O corazón da auga”, “A luz morta” ou “Nenos”, texto de evocación pimenteliana, aínda que tamén lembre as *Firgoas* de Manuel Luís Acuña.

Diciamos antes que esta primeira sección do libro finda cun poema, “Oferecemento”, que preludia o vento apocalíptico que zoa sobre a segunda parte. As cousas calan, Deus condénanos ao seu silencio, e fronte ao feliz “être-en-soi” das cousas, o

ser humano consómese na carencia de sentido, na angustia, na orfandade, nas torturas do “être-pour-soi” que interroga e que esmorece na perpetua distancia consigo mesmo. O seu desexo de fusión coas cousas, o seu aspirar a “ser-en-si-para-si”, tan contradictorio, resólvese en escisión e fracaso:

“Vós quixerádes ter outras palabras  
e chamar ás pombas irmaúñas  
pero o voso esforzo xa é innecesario:  
tedes o corazón afogado no sangue,  
tedes medo aos agoiros dos paxaros noitébregos  
e o voso espírito desángrase ao solpor”

(“O agoiro”)

Este é o ton xeral da segunda parte de *Advento*. As cousas fican lonxe, no seu misterio indescifrado, e o ser humano é só un anxo de terra – como diría Carvalho Calero- enlamado na conciencia da súa continxencia. Como no “Responso desesperado”:

“Non abonda a flor,  
nin a estrela,  
nin a canción do paxaro  
cando o po noxento – terra inmunda-  
nos enfoula ao longo do camiño sen sentido que é a vida”

Este poema é anuncio, mais non de Advento, senón de Apocalipse. O que triunfa en textos como “A derradeira rúa” e “O derradeiro día”. Apocalipse non causado pola ira de Deus, senón polo propio ser humano e pola enxurrada das súas paixóns: crime, luxuria, tolemia, odio, terror, podredume... É o mundo dos non-nados - como en Trakl, e cremos que hai moito de expresionista en todo o libro -, dos anxos mouros e de Satán. Imaxe infernal, co ser humano traxicamente escindido das cousas, de Deus e de si mesmo:

“As horas permanecerán, absurdas,  
na súa mudez de pedra”

Contodo, o anxo do derradeiro día, coa súa espada refulxente, dubida en converter o noso espírito “en verme ou volvoreta”. E abre así a esperanza da terceira parte. Nela o poeta reincide e tenta aínda descifrar o enigma dos seres – o reiseñor, o vento e a flor cativa en “Tres baladas”, “O asubío”... E afirma o seu desexo – vide “O anxeio”- de escribir un poema perfecto, ausente de ritmo, case sen palabras”. Porque as palabras son a manifestación da disconformidade radical, tan torturante, do ser humano. O poeta quere agora non perguntar, non saber, deixarse ser no feliz “être-en-soi”. Abolir, por fin, a escisión:

“Deixádeme: éme igual  
ser día, ser camiño ou gaita fina.

Non sei de onde vén a luz  
E ignoro se teñen azas os agarimos.

Non me preguntedes tampouco  
se o corazón sinte a súa vida.

Eu somentes sei que quero ser  
violín, quero ser río.

(...)

A estrela é inmutábel en si mesma.  
A estrela ten sentido.

O demais é vaguedade, sombra,  
Ou nome frío”

(« Poema »)

## VI

Aínda dúas notas sucintas sobre a obra que fecha esta primeira etapa de produción de Manuel María, *Libro de pregos*, estudado lucidamente por Victorino Pérez Prieto na súa dimensión relixiosa nomeadamente.<sup>13</sup> O libro é froito do fondo coñecemento da literatura relixiosa e da teoloxía por parte de Manuel María e da lectura demorada dos “Salmos” bíblicos en particular. Mais sendo literatura excelente, é sobre todo vida, berro esgazador diante da morte en xeral e dunha morte moi concreta: a do irmán neno, Xesús María, en 1951. O seu ton desolado, as reclamacións a un Deus irado, que nos condena ao sufrimento absurdo, que castiga os inocentes e que nos abandona ao silencio, levaron o tío cura de Manuel María a solicitarlle mantelo sen publicar. Só foi coñecido o libro en 1962, moito despois da súa escrita, xa algo temperada a dor e cando Manuel María era xa para os lectores o autor sempre admirado de *Terra Cha*. O demais, parafraseando o final do *Arredor de sí*, oteriano, é xa historia da Galiza.

<sup>13</sup> Vide Pérez Prieto, *op. cit.*, pp. 389-410.

## BIBLIOGRAFÍA

**I) Activa**

*Muiñeiro de brétemas*, Pontevedra, Col. “Benito Soto”, 1950. 2ª edición: Sada (A Coruña), Ed. Do Castro, 1988.

*Elexías á miña vida pequeniña*, Vilalba (Lugo), “Instituto de Estudos Chairegos”, 2004.

*Morrendo a cada intre*, Lugo, “La Voz de la Verdad”, 1952. 2ª edición: Lugo, revista escolar do I.B. Lucus Augusti, 1991.

*Advento*, Bos Aires, Ed. Galicia, 1954.

*Libro de pregos*, Lugo, Ed. Celta, 1962.

*Obra poética completa I e II*, A Coruña, Espiral Maior, 2001.

**II) Pasiva**

Del Caño, Xosé Manuel: *Conversas con Manuel María*, Vigo, Xerais, 1990.

Gómez Torres, Camilo: *Versos de 30 outonos (Escolma: 1950 – 1979)*, Santiago, Ed. Xistral, 1980.

Manuel María: “Breve noticia de Francis Jammes”, limiar a Jammes, Francis, *Catorce oracións*, A Coruña, Espiral Maior, Col. “Illa verde”, 1994.

V.V. A.A. : *Manuel María*, Lugo, Asociación Cultural “Xermolos” e Ophiusa, 2000.